

UGT-SP DENUNCIA A MERCANTILIZACIÓN DA EDUCACIÓN SUPERIOR

ANTE O DEBATE SUSCITADO NOS ÚLTIMOS DÍAS, UGT-SP DENUNCIA A MERCANTILIZACIÓN DA EDUCACIÓN SUPERIOR E ESIXE UNHA DEFENSA FIRME DA UNIVERSIDADE PÚBLICA

Desde UGT-SP asistimos con profunda preocupación a un proceso progresivo de perversión e **mercantilización da educación superior**, derivado do crecemento desmesurado de universidades privadas. Este fenómeno está a dar lugar a unha **proliferación de titulacións que compiten de forma desleal** coa oferta académica das universidades públicas, poñendo en risco a súa sustentabilidade, o seu prestixio e a súa función social.

Xa o advertimos no seu momento, mobilizándonos activamente para **impedir a implantación dunha universidade privada en Galicia**, ao considerar que iso supoñería unha duplicidade innecesaria e unha ameaza directa para o sistema universitario público galego. Naquelas mobilizacións, **algúns dos sindicatos que hoxe expresan alarma polo crecemento das privadas non estiveron presentes**, cando era necesario unha fronte común en defensa da universidade pública.

Desde UGT-SP mantemos unha posición clara e coherente: **defendemos o crecemento do emprego, pero sobre a base do xogo limpo, a calidade académica e o interese xeral.**

As universidades públicas son máis estritas e responden a criterios de calidade en docencia e investigación, mentres que as privadas carecen de mecanismos de calidade do que sucede alí dentro. As universidades privadas galegas, na súa configuración actual, non cumpren estes principios. Moi ao contrario:

- O persoal docente contratado traballa en **condicións laborais precarias e**, en moitos casos, cunha **formación insuficiente.**
- **Os procesos de selección carecen de transparencia e non se axustan aos criterios de excelencia e rigor esixidos ás universidades públicas.**
- Estas institucións **non teñen unha vocación educativa ou científica**, senón que operan como negocios orientados ao **beneficio económico de fondos de investimento e entidades financeiras.**
- Na práctica, funcionan como **academias centradas na venda de títulos a baixo custo**, degradando o valor académico da formación superior.



UGT-SP ESIXE CON URXENCIA

IGUALDADE DE CONDICIÓNS E REGRAS COMÚNS PARA TODAS AS UNIVERSIDADES:

- Mesmo **número de alumnos por curso**.
- **Equiparación nos requisitos de acreditación** de titulacións, instalacións e medios.
- **Condicións de acceso e contratación docente equivalentes ás esixidas no sistema público**.
- **Emprego estable e de calidade** para todo o persoal docente e de investigación.
- **O seguimento e control que debe efectuar a Administración competente sobre o cumprimento dos requisitos que a LOSU en materia de persoal docente e financiamento impón a estas universidades no seu Título X (así como á transparencia no acceso ao resultado destes controis)**.

UN FINANCIAMENTO ADECUADO PARA A UNIVERSIDADE PÚBLICA:

- Garantir a **calidade docente e investigadora**, mediante recursos suficientes e estables.
- **Eliminación dos obstáculos normativos** que impiden o desenvolvemento institucional, especialmente:
 - A **taxa de reposición**.
 - Os **límites ao incremento da masa salarial**.

Ambos os elementos **estrangulan o crecemento e renovación do persoal académico**, impedindo que as nosas universidades públicas evolucionen e adáptense aos desafíos actuais.

POR TODO ISO, ESIXIMOS Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DO ESTADO:

O **cumprimento firme e comprometido coa defensa, mantemento e fortalecemento da Universidade Pública**, como pilar fundamental do dereito á educación, a cohesión territorial e o desenvolvemento científico e cultural da nosa sociedade.

